



O IIS GALICIA SUR RECIBE A INSIGNIA DE OURO DE ASOMEGA, MÁXIMA DISTINCIÓN DOS MÉDICOS DE GALICIA

- *Coa recente acreditación do IISGS por parte do Instituto de Salud Carlos III péchase o círculo e converte a Galicia nunha das comunidades con máis institutos acreditados*
- *Esta distinción é compartida cos outros dous Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia, o IDIS e INIBIC*

Vigo, 10 de xaneiro de 2023. A Asociación de Médicos Gallegos (Asomega) decidiu por unanimidade na súa última reunión, conceder a **Insignia de Ouro Asomega 2022** aos tres institutos de investigación sanitaria de Galicia: IDIS, Inibic e o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur-IISGS.

Segundo o presidente de Asomega, o doutor Julio Ancochea, estas entidades "aglutinan as cuestións fundamentais que definen a nosa asociación: docencia, investigación e asistencia, como eixos da acción sanitaria". Así mesmo, destacou que a recente acreditación do IISGS por parte do Instituto de Salud Carlos III pecha o círculo e converte a Galicia nunha das comunidades con máis institutos acreditados.

A Insignia de Ouro é a máxima distinción coa que Asomega trata de recoñecer o labor desenvolvido por unha personalidade ou institución, ben polo seu apoio á entidade, ben polo seu traballo a prol de Galicia e a súa cultura.

Investigación en torno aos hospitais

Nesta ocasión, a decisión de Asomega de premiar aos tres institutos sanitarios de Galicia ven dada pola "súa finalidade de potenciar o hospital como centro de investigación nunha contorna docente, asistencial e investigadora que achegue investigación básica, clínica e de servizos sanitarios, e que se traduza en investigación traslacional de excelencia. Neles, equipos multidisciplinares con investigadores de diversos ámbitos (clínico, académico, innovador, empresarial...) traballan de maneira conxunta e transversal para xerar coñecemento que poida ser aplicado á mellora da saúde da poboación". Este labor de investigación e achegamento dos resultados á poboación son os aspectos esenciais polos que esta asociación médica decidiu outorgar a súa insignia de ouro aos tres institutos de investigación galegos.

Neste sentido, cabe indicar que o IIS Galicia Sur foi acreditado o 1 de agosto de 2022 pasado polo Instituto de Salud Carlos III por un período de cinco anos, tras recibir o informe favorable da Comisión de Avaliación que constatou o cumprimento dos requisitos esixidos polo Real Decreto 279/2018, de 24 de xuño, sobre acreditación de institutos de investigación biomédica sanitaria (IIS) que conseguen a máxima acreditación nacional no ámbito da biomedicina.



Alcanzar a acreditación era un dos obxectivos estratéxicos do Instituto desde a súa creación en 2008 e conseguiuase grazas ao excelente traballo desenvolvido ao longo destes anos por todo o persoal investigador e xestor do IISGS, que supuxo unha enorme evolución na produción científica do Instituto, do mesmo xeito que en aspectos estratéxicos e de calidade.

Ademais de supoñer un recoñecemento á investigación de excelencia desenvolvida desde o IISGS, conseguir a acreditación abre as portas á participación en convocatorias dirixidas especificamente a estes institutos, co cal permite acceder a máis financiamento para proxectos, infraestruturas e captación de talento, que contribuirán a mellorar o traballo de calidade que xa se desenvolve desde a entidade.

Plan estratéxico

Para a consecución destes fins, o IISGS deseñou o seu Plan Estratéxico 2022-2026 cuxas liñas esenciais son, tal e como lembraba a directora Científica do IISGS, Eva Poveda, ao pouco de lograr esta acreditación: «promocionar a investigación traslacional e a innovación; mellorar as sinerxias entre a parte clínica e os grupos de investigación máis básica, favorecer a substitución xeracional, a captación de talento investigador, promover a ciencia cidadá... E fomentar a nosa interacción coa sociedade a través de colaboracións con asociacións de pacientes, institucións educativas; así como asegurar o cumprimento dos criterios de igualdade de xénero no Instituto».

Agradecemento

A directora científica do IISGS, Eva Poveda, expresou o seu agradecemento por este recoñecemento e a súa satisfacción ao compartir este galardón xunto cos outros dous institutos de saúde galegos.

O premio será entregado proximamente en Madrid, sede de Asomega.